

Introdución

Nun momento tan complexo como o actual, no que a globalización, determina gran parte da nosa vida cotiá e inflúe nas relacións que establecemos con persoas de moi distintas procedencias culturais, é necesario repensar o sentido da educación e incorporar entre os nosos obxectivos prioritarios, as estratexias que Delors definía no informe "A educación encerra un tesouro": Aprender a aprender, aprender a ser, aprender a convivir.

O mundo converteuse nunha pequena aldea pola que transitamos a unha velocidade nunca antes coñecida, xa sexa a través de Internet, dos medios de transporte ou cos medios de comunicación.

As relacións que establecemos en poucos segundos, dun lado a outro do planeta, determinan unha existencia marcada pola relación cunha sociedade interconectada, á vez

que mantemos a pertenza a un ámbito máis próximo, que pode cambiar ao longo da nosa vida. Esta é unha das razóns que definen os obxectivos da escola intercultural, xa que é imprescindible que todos os alumnos e todas as alumnas, desenvolvan as estratexias e competencias interculturais adecuadas para comunicarse e relacionarse dende o respecto á diversidade e no marco dos dereitos humanos, no contexto da cidadanía global.

Por outra parte as Escolas Interculturais responden á necesidade de xustiza social, ao formular a actuación e o compromiso activo fronte ás desigualdades. Dende o marco democrático, debemos eliminar aquelas situacións de discriminación que se puidesen producir por razóns de sexo, relixión, clase social, etnia, cultura, distintas capacidades ou orientación sexual, xestionando as medidas oportunas para que todos os alumnos e as alumnas, teñan oportunidades

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

equitativas para alcanzar o éxito escolar. Isto supón non só garantir o seu acceso senón, ademais, adecuar as estruturas, desenvolvendo programas de inclusión que garantan a súa plena participación no proceso educativo.

Isto só se pode realizar dende o respecto, porque é necesario o recoñecemento da diversidade na complexidade dun mundo interdependente e dende a igualdade xa que dende os supostos dos Dereitos Universais debe ser posible a elaboración dialéctica dunha cultura compartida dende o pluralismo democrático.

Por último na escola intercultural, desenvolvemos estratexias de educación antirracista, para que toda a comunidade educativa se comprometa a estar en situación de alerta contra

a discriminación e comprometida na loita contra o racismo e a xenofobia e disposta a denunciar situacións que perpetúan as situacións de desigualdade, discriminación e racismo.

Esta é unha guía sinxela no seu formato e profundamente complexa no seu sentido. Resume o espírito que queremos levar ás nosas escolas, defendendo a xustiza, a igualdade e o noso compromiso contra o racismo e calquera outra forma de discriminación contra o ser humano.

A igualdade na diversidade, a xustiza fronte á discriminación e o dereito á diferenza constitúen os principios fundamentais sobre os que se apoia a perspectiva intercultural en educación.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Cando a profesora nos preguntou que é a **interculturalidade**, non souben responder. Era unha palabra estraña para min. Pero ao pensar nas persoas coas que me relaciono, algo dentro de min se moveu e fíxome comprender: distintas procedencias, formas de ver e de entender o mundo. Diferentes gustos, linguas, intereses, experiencias, maneiras de vestirse, de falar... todo un crisol de posibilidades das que aprendo, coas que comparto unha parte importante dos meus días e sobre as que constrúo o que son.

Creo que nestes momentos, se non estás aberto a aprender e a convivir con outras persoas, che estás a perder unha oportunidade extraordinaria. E non só estoume referindo á

escola ou ao instituto, tamén falo de Internet, do cine, das asociacións do barrio, das tendas, ou das viaxes... Hoxe, para vivir plenamente, tes que aprender a relacionarte e a convivir con todo o mundo, dende o recoñecemento mutuo e o respecto. Sabendo que todas as persoas gozamos de dereitos e que non podemos ser discriminadas por sexo, relixión, clase social, procedencia étnica, cultura, distintas capacidades ou orientación sexual.

Pode que eu sexa unha romántica, pero cando a profesora nos pediu un lema para a escola intercultural escribin:

No corazón da diversidade abanea a bandeira da xustiza que nos fai a todos e todas iguais.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Hoxe chegou unha rapaza nova ao Instituto. Chámase Li e vén de China. Un compañeiro e eu esperabámola na porta para que non se sentise soa. En clase, preparamos uns letreiros coa palabra "Benvida" no seu idioma. Despois recibíuna a directora, o titor e unha mediadora, para coñecela e explicarlles, a ela e á súa familia, como funciona o centro. Prepararon un programa para que poida participar con éxito no curso, xunto con todos os seus compañeiros e compañeiras. É como un mapa que sinala o camiño que ten que percorrer, tendo en conta todo o que sabe, o seu xeito de aprender, as súas necesidades e as súas expectativas.

Este programa de **acollida** axúdache moito cando chegas a un centro novo, para que non te sintas estraño. A min pásome o primeiro día de clase. Viña dun instituto doutra Comunidade Autónoma e facíame todo raro. Creo que o colexio, ou o instituto, deben ser lugares amables e seguros nos que participar, aprender, convivir e desenvolver experiencias que che servirán toda a vida.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Esta semana centrámonos nun traballo de Historia realmente interesante. Como sempre, dividímonos en grupos de traballo. Tiñamos que analizar a historia das nosas familias e relacionalas co que acontecera nos últimos anos. Desta forma o **currículo** incorpora unha parte importante da nosa experiencia cultural e vital.

Por parellas, fixemos entrevistas na casa, ás nosas madre, aos nosos pais, ou ás outras persoas coas que convivimos, porque experimentaron cousas moi diferentes, polo feito de pertencer a sexos distintos e, ás veces, a distintas culturas de orixe- Logo debuxamos un mapa do tempo que relacionamos cos episodios máis importantes do século XX. Como somos un grupo tan **heteroxéneo**, tivemos a oportunidade de coñecer historias moi diferentes que nos axudaron a recoñecer o valor das nosas familias e a comprender algo mellor a nosa realidade.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

Esta tarde falamos do significado **da inmigración**. Gústame pensar que a Historia do mundo é a historia das migracións, da viaxe e da aventura. Por iso, creo que calquera persoa pode sentirse emigrante nun momento da súa vida. Xa sexa porque se moveu dun país a outro, dentro do mesmo país ou, simplemente, dun lugar a outro. Pero isto non quere dicir que sexamos inmigrantes para sempre. Por iso, cando me preguntan —de onde es?— contesto, sorrindo: do lugar onde vivo.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

O meu traballo de clase de lingua trata do meu futuro. Falando coa miña nai, comentoume que, na súa época, a principal e case única opción para as mulleres era o matrimonio. Non era normal que estudasen. Por iso séntese tan orgullosa vendo que a súa filla soña cun futuro propio de traballo e de vida.

Por moitas razóns, pero tamén por esta, quero ter éxito nos meus estudos. Todas as rapazas e rapaces debemos ter as **mesmas oportunidades**, para **aprender con éxito**, e ser capaces de imaxinar o que queremos e como será nosa vida. Porque se somos capaces de soñar, conseguiremos o que nos propoñamos.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Escuchar con atención
 Respetar los puntos de vista
 Pactar para construir
 Intercambiar impresiones

Antes de comezar as clases, facemos unha pequena asemblea para falar de temas que nos preocupan ou nos interesan. É un tempo para intercambiar impresións, expresar como nos encontramos e **resolver conflitos de forma positiva** xa que, como en todos os espazos de convivencia, estes poden xurdir. Pactamos unhas normas como, por exemplo, escoitar os compañeiros e compañeiras, para intentar comprender cales son os seus puntos de vista. Definimos así, entre todos e todas, as regras que nos axudarán a respectarnos dende o entendemento e a empatía.

En varias ocasións conversamos sobre que entendemos por "respecto", como nos gusta que nos traten ou que consideramos que é ofensivo. Ou analizamos as pautas de convivencia nas nosas familias, porque non sempre as palabras e os xestos significan o mesmo. Con só escoitar con atención, moitos dos problemas desaparecen. Sempre intentamos pactar para construír uns espazos comúns no que todos e todas nos sintamos recoñecidos nos nosos dereitos.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

Non é que te sintas máis importante que ninguén, pero si especial. Cando sabes que alguén se preocupa por ti, sabe cales son as túas habilidades e as dificultades coas que te encontras para seguir o ritmo da clase e te propón estudar doutro xeito, te aprende a aprender ou a reforzar algunhas materias, sénteste máis forte. Se che pregunta como estás, ou subliña a idea que acabas de dicir en voz alta, ofrecéndoche a súa confianza, sénteste con máis seguridade. Son moitos detalles os que che brindan unha **atención individualizada**. Talvez por iso es consciente de que estás a crecer de verdade, dende a razón, as emocións e a capacidade de relacionarte cos demais.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

O centro está aberto a toda a comunidade. Que as familias, persoas voluntarias e outros profesionais colaboren nas clases axuda a que teñamos **agrupacións flexibles**. Deste xeito, cando xorde un problema cunha materia determinada, non saímos de clase: traballamos en distintas tarefas, co apoio dunha persoa que nos axuda a resolver as nosas dúbidas.

O centro tamén está aberto polas tardes e propón moitas actividades de todo tipo, na que podemos participar. Adoito ir ás clases de reforzo do estudo pero tamén me gusta a clase de árabe que dá a nai dun compañeiro.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

O meu profesor de matemáticas naceu no corazón de África, nun país cuxo nome quere dicir casa de pedra. Contounos que é un lugar moi especial e fermoso, ao que volve con frecuencia, para ver parte da súa familia, amigos e amigas.

Unha vez, estudando xeografía, calculamos todos os quilómetros que nos separaban de África e lle preguntamos a el se se sentía máis de alí ou de aquí. Despois de pensalo uns segundos contestounos que non tiña unha soa **identidade**. "Teño a sorte de ser de moitos lugares diferentes, e en todos me sinto ben. En realidade son do lugar onde vivo. Cando vou ao país onde nací, sinto que estou na casa. E este país, tamén é a miña casa". Creo que xa non existen as fronteiras, non para min. Son un cidadán do mundo. Somos do lugar que habitamos, sen esquecer de onde vivimos. No meu corazón levo os recordos, as persoas e as experiencias de todos os lugares que coñecín. A gran sorte de viaxar é que aprendes doutras culturas e tomas prestados valores e coñecementos que che van enriquecendo, facéndoche unha persoa máis aberta e con maior capacidade para comprender, dialogar, colaborar entender as distintas formas de vida.






Escribide como seredes dentro de vinte anos, pediunos a profesora de lingua. Despois expuxémolo en clase. Así descubrín que Inés será psicóloga, Mohamed enxeñeiro para construír pontes. Mauricio quere ser profesor de Informática; Li estudará Medicina. Claudia, mecánica de automóbiles porque lle encanta a velocidade. Manolo quere dedicarse á agricultura, como o seu pai. Naim quere ser avogado, Sarah será alcaldesa e José quere ir a traballar ás Nacións Unidas. O máis divertido é que nun futuro nos vemos estupendamente, vivindo con persoas ás que queremos, viaxando, e facendo miles de cousas interesantes.

A nosa profesora que é moi entusiasta, non parou de felicitarnos, e de darnos palmadas e abrazos. Díxonos que está convencida de que os nosos sonos se farán realidade. Tamén nos explicou que é moi importante que sigamos estudando e que teñamos éxito escolar. **Ninguén pode quedarse atrás**, porque o mundo necesita do talento e a capacidade de cada un e cada unha.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Sobre a miña mesa había un pequeno papel de cor crema, dobrada en catro partes. No interior unha frase escrita en árabe. Creo que é de Said, pero non me atrevín a preguntalo porque cada vez que falo con el me poño vermella como un tomate. Por iso, coa axuda da profesora e do dicionario da biblioteca puidemos traducilo. Coñecía dúas das palabras, porque no meu colexio **todas as linguas son importantes**. Estudamos na lingua da nosa Comunidade Autónoma, pero tamén nos expresamos e aprendemos das linguas doutros compañeiros e compañeiras. No mundo existen entre seis mil e oito mil linguas.

E o que Said me dixó no papel quedoo para min...!



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

As culturas son abertas e van cambiando

Dentro duns días é a festa do colexio. Para elaborar o menú da festa, reunímonos co cociñeiro e redactamos unha lista dos nosos pratos favoritos. Viña co pelo todo revoltado do nervioso que estaba. O que parecía un problema solucionouse rapidamente. Faremos distintos pratos entre todos. Virán a axudarlle uns pais e unhas nais e entre todos cociñarán tortilla, cuscús, sushi, polbo, arroz a banda, marmitako e crema catalá. Así, todos e todas aprenderemos a cociñar cousas ricas doutras rexións. Ao final, seguro que engadimos o noso toque particular e saen uns pratos deliciosos.

Aproveitando a situación, o profesor de ciencias naturais explicounos porqué en cada país e rexión cómese dunha forma diferente.

—Isto forma parte da cultura? —preguntou Mauricio.

—Pois si! —contestou mentres explicaba a importancia do millo en América Latina. Tamén é importante saber que **as culturas son abertas e van cambiando** co tempo, porque se van adaptando á nova realidade. Pensade por exemplo como vestían na época dos vosos avós e avoas, e como vestides agora. O na comida que vos gusta. Tantos pratos diferentes e ricos que non coñecades. Isto é o estupendo de estar abertos a outras culturas!



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Non nos poñiamos de acordo sobre onde iríamos a final de curso. Cada quen coa súa opinión e sen dar o seu brazo a torcer. Discutimos moito e ao final tomamos algunhas decisións importantes, sobre que tipo de lugar queremos visitar e como conseguir diñeiro para os gastos. Logo, dividirémonos en grupos porque hai quen quere ir á praia e quen quere ir de excursión ou a visitar museos.

—Ben feito! —díxonos o titor. Chegastes a uns mínimos comúns que todo o grupo respectades. A isto chamámolo **democracia** e fundaméntase no **respecto aos dereitos humanos**. Todos e todas tivestes as mesmas oportunidades para explicarvos e aceptastes todas as opinións. Ao final chegastes a un consenso, respectando a diversidade e as diferentes opcións. A isto chamámolo convivencia intercultural!

E foise cantaruxando polo corredor... estes maiores non deixan de asombrarme!




Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

Ninguén é como o esperabamos. Esta é a miña conclusión, despois de facer un xogo moi divertido no que tiñamos que completar unhas frases sobre como pensamos que son as persoas de Cataluña, China, Marrocos, Andalucía, República Dominicana... Por exemplo, eu teño posto que as persoas chinesas son moi meticulosas e minoristas. Ou que as persoas de Andalucía son moi alegres e saben cantar. Despois había que buscar alguén do colexio que fora dese país ou comunidade e comparar as nosas respostas. Resulta que Li non é nada minorista, senón todo o contrario. E José que é andaluz, desafina un montón. Temos moitos **estereotipos culturais** que limitan o noso xeito de ver as demais persoas. Isto fíxome pensar que é importante ter unha actitude aberta e dialogante, para coñecer as persoas de verdade, e non nos quedar con falsas impresións.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Este curso estamos traballando moito a través de Internet. Buscamos información, facemos investigacións e traballamos en equipo. Á nai dunha alumna ocorréuselle que podemos facer un blogue en cada clase, contando o que facemos e as nosas experiencias. E, ademais, podemos incluír noticias de familiares que están lonxe, noutras cidades ou países. Así puidemos coñecer a avoa de Claudia, que a través do chat nos ensinou a facer feixóns e tortillas. E conversar co pai de Juancho que navega por todo o mundo e nos explicou onde crían as focas.

A través de **Internet** conseguimos **comunicarnos** con persoas que están noutros lugares, aprendendo e compartindo, a través dunha ventá, abertas ao mundo.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Non sempre as cousas son doadas. Hoxe encolléuseme o corazón cando cheguei ao centro, porque varios cristais das ventás do centro de saúde estaban rotos e había unhas pintadas moi feas en contra das persoas estranxeiras. Sentín unha enorme coraxe e moitas ganas de chorar.

Antes de comezar a clase, sentámonos en asemblea e falamos do sucedido.

—As actitudes **racistas** son intolerables —comezou dicindo a directora, pero desgraciadamente existen. O importante é saber que somos máis iguais que diferentes, e que nos enriquecemos coa convivencia, aprendendo valiosas experiencias de vida. Sinceramente, declararse racista ou pensar que un ser humano é mellor que outro, é ser moi pobre vital e intelectualmente.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

Non queriamos quedar coa tristura dentro. Despois das pintadas no centro de saúde, queriamos facer algo. Por iso, organizamos unha festa aberta ao barrio. A idea foi dos alumnos e alumnas do último curso. Pronto se sumaron todas as persoas que traballan no colexio, as familias, as asociacións do barrio, o centro de saúde... ¡e ata os comercios!

En cada curso escribimos un manifesto no que cada un e cada unha nos comprometemos a **participar activamente, para loitar e denunciar** calquera situación de racismo ou calquera acto que discrimine unha persoa pola razón que sexa.

Hai moitas formas de combater a intolerancia, pero ningunha tan importante como crer na xustiza e na igualdade. O meu compromiso, como o dos meus compañeiros e compañeiras, é firme. E faime sentir parte dunha comunidade que cre nos dereitos humanos.



Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

★ **T**alvez, un día sexa profesor. Por iso fíxome moito en todo. Na forma de organizar as clases, sen que ninguén quede fóra ou atrás. En como todas as persoas involucradas, dende a dirección, o profesorado, as persoas mediadoras, ata a secretaria, traballan por que haxa un bo clima de convivencia e respecto. En como as familias colaboran coa biblioteca, o comedor, o programa de curso ou nas clases de apoio. O nas actividades que realizamos para axudar ao barrio.

É como un gran barco que navega en alta mar, co obxectivo de chegar a formarnos para a vida, o traballo e a participación na sociedade. Todos e todas colaboramos neste proxecto. Porque del depende non só o noso destino, senón tamén o do ámbito cidadán do que formaremos parte.



Bo clima de convivencia e respecto
 Todos e todas colaboramos neste proxecto
 De el dependen só o noso destino, senón tamén do entorno cidadán do que formaremos parte
 Co obxectivo de chegar a formarnos para a vida, o traballo e a participación na sociedade

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



Víñeron uns estudantes da Universidade. Forman parte dun grupo de estudos internacionais. Estivemos a conversar moito sobre os seus estudos e o importante que é coñecer outros países. Dixéronnos que temos moita sorte. Os centros interculturais son pequenos laboratorios de cidadanía. Aprender a convivir con persoas que che ensinan outras formas de ver e xestionar a vida, no marco da democracia e os dereitos humanos; xestionar os conflitos de forma positiva, aspirar a desenvolver todas as túas capacidades; definir a túa forma de ser a partir do diálogo e a igualdade de dereitos...

Todo isto forma parte dunha aprendizaxe que nos axudará a vivir nun mundo complexo e cambiante.

Un día eu tamén viaxarei para estudar noutros países e traballarei porque todos os nenos e as nenas teñan as mesmas oportunidades que eu tiven.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación



O meu centro é un lugar aberto ao mundo que me deu as ás para voar en busca do meu destino. Ensinoume que:

- Debemos respectar a todas as persoas, pobos e culturas.
- Todas as condutas son igualmente válidas se se desenvolven dentro do marco dos Dereitos Humanos.
- Hai que ser vixilantes coas leis e situacións inxustas que non respectan os Dereitos Humanos
- As persoas temos os mesmos dereitos nacésemos onde nacésemos. Ninguén é máis que ninguén e debemos loitar activamente contra o racismo e a discriminación.
- Todos e todas, homes e mulleres temos dereito ás mesmas oportunidades e a ser o que queiramos ser na vida.

Vinte ideas para construír a interculturalidade e previr o racismo en educación

A Educación Intercultural, a que se desenvolve no meu centro, permítenos a todos e todas aprender das demais persoas, a través do intercambio, do traballo cooperativo e da participación. Así aprendemos todos os valores que nos serán necesarios para participar na sociedade do futuro: o respecto, a igualdade, a xustiza social...

Todos eses valores permitirannos eliminar todas as formas de discriminación contra os que son doutra rexión ou doutro país, ou teñan capacidades distintas as nosas.

O meu centro escolar é un centro que aposta por que cada un e cada unha de nós aprendamos a ser futuros cidadás e cidadáns responsables e solidarios.

